

C.E.I.P plurilingüe VISTA ALEGRE

CIRCULAR INFORMATIVA: COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021

Seguindo o disposto na instrución 3/2020, da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e F.P. do 16 de xuño e publicada o 17 de xuño, informamos de que se abre o prazo de **reserva de praza no comedor escolar para o curso 2020-2021**.

➤ Solicitudes:

Xa se poden recoller no centro ou baixar da páxina web as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2020-2021. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do noso centro que pertenza á área de influencia do mesmo.

➤ Documentación :

1. **Certificado do Padrón municipal** no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano. (**Só para novos usuarios**).
2. **Autodeclaración, Anexo II.** (A recoller no centro ou descargar da páxina web coa solicitude).

A Documentación pódese descargar na páxina Web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistaalegre/>

<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.isp> (Simulador de taxas: Para calcular o prezo do comedor)

➤ Número de prazas máximas autorizadas e concedidas: 113

➤ Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnado usuario no curso anterior salvo que variase o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Alumnado membro de familia numerosa.
4. Conciliación familiar e laboral do pai e nai ou titores legais.
5. Alumnado escolarizado fóra da área de influencia no centro.

➤ Prazos:

Entrega de solicitudes: **dende o 18 de xuño ata o 30 de xuño ambos os dous inclusive** na Dirección ou Secretaría do centro dende as 10:00 ata as 12:00 h.

Publicación lista provisionais admitidos: **8 de xullo**.

Reclamacións: **ata o 13 de xullo inclusive**.

Publicación lista definitiva: **14 de xullo**

➤ Importante: **Causa de baixa no servizo:**

Pódese causar baixa por:

- Non estar ao corrente dos pagos: non se poderá facer uso do comedor mentres non se regularizen os pagos pendentes.
- Non asistir durante un mes de xeito continuado coa frecuencia solicitada agás causas debidamente xustificadas ante a Dirección.

Clausula adicional de salvagarda: “Porén a situación xeral producida coa pandemia do COVID-19 pode supoñer a imposición de medidas de protección e seguridade impulsadas pola administración sanitaria, que determinen a aprobación pola Consellería dun Protocolo específico de Protección e seguridade na apertura xeral dos centros de ensino e a incorporación ás actividades lectivas e complementarias dos escolares galegos para o curso 2020-2021.”